



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O procedemento de responsabilidade patrimonial: irregularidades, defectos e cuestións prácticas

CONVOCATORIA: 2ª Convocatoria Consello Consultivo

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/06/2026 - 09:00h ao 08/06/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Valoración

Para os efectos do establecido na Resolución do INAP do 25 de xaneiro de 2022 (BOE núm. 26, do 31 de xaneiro de 2022), pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración de cursos de formación e perfeccionamento a efectos do baremo de méritos xerais do persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,40 puntos.

Para os efectos do establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro (DOG núm. 52, do 16 de marzo, e corrección DOG núm. 77, do 22 de abril) sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,30 puntos.

Curso práctico de especialización sobre o procedemento para facer efectiva unha reclamácion de responsabilidade patrimonial.

A materia presenta especial interese práctico para aquel persoal funcionario que tramite calquera tipo de expediente relativo á existencia de responsabilidade patrimonial.

Analizarase cada trámite do procedemento e as eventuais irregularidades que poden cometerse, así coma calquera tipo de incidencia que poida xurdir, partindo dos máis recentes pronunciamentos xurisprudenciais na materia e estudo de criterios específicos de órganos consultivos: Consello de Estado e Consello Consultivo de Galicia.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia, da Administración Pública Autonómica galega e das entidades públicas instrumentais do artigo 45.a) da LOFAXGA, e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e Uvigo).

Preferentemente: empregados públicos dos subgrupos A1 e A2 e equivalentes, así como habilitados nacionais.

PROGRAMA

Módulo I.- Consello Consultivo de Galicia, organización, competencias e réxime xurídico

Módulo II.- Lexitimación activa e pasiva

Módulo III.- Iniciación do procedemento de responsabilidade patrimonial

Módulo IV - A prescrición da acción e responsabilidade patrimonial

Módulo V.- A instrución do procedemento

Módulo VI.- Audiencia, proposta de resolución e ditame do CCG

Módulo VII.- Terminación do procedemento de responsabilidade patrimonial

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Crterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 20/10/2026 a 13/11/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 18/11/2026 ás 18:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.